



# BOP

XOVES, 5 DE MARZO DE 2020

N.º 053

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo sobre disfrute de días inhábiles para o ano 2020, de conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para as Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, (Código 27000475011982) asinado o día 23 de xaneiro de 2020, pola representación empresarial e das centrais sindicais CC.OO. (44,62%), U.G.T. (32,31%) e C.I.G. (20,00%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 14 de febreiro de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

#### ACTA DE SINATURA

**CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA AS INDUSTRIAS DE SIDEROMETALÚRXICA DE LUGO**

#### **ASISTENTES**

##### **Pola Parte Empresarial:**

##### **ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAS METALÚRXICAS DE LUGO:**

VÍCTOR FERREIRO SEGADE.- DNI 33842233X

SECUNDINO REGO FERNÁNDEZ.- 76558605T

##### **ASOCIACIÓN DE INSTALADORES ELECTRICISTAS E DE TELECOMUNICACIONES DE LUGO**

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA.- DNI 76615013V

MANUEL MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33858993A

##### **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS CALEFACTORES E FONTANEROS DA PROVINCIA DE LUGO**

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.- DNI 76573003T

##### **ASOCIACIÓN DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE LUGO:**

IGNACIO PÉREZ DE OLIVEIRA.-DNI 33323222V

CONCEPCIÓN VILLAR VARELA.- DNI 33848925D

LUÍS MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33848810D

##### **Polas Centrais Sindicais:**

##### **CC.OO. [44,62%]**

JOSÉ LUÍS LÓPEZ ÁLVAREZ.-DNI 34256814Q

MANUEL PAZ FLORES.-DNI 33850075D

ALBERTO PULPEIRO LOMBARDERO.-DNI 77592403

JULIO TRIGO SANJURJO.- DNI 33306358N  
MIGUEL DÍAZ EIROA.- DNI 77595257L  
DIEGO INDALECIO FERÁNDEZ ARIAS.- DNI 33338293T  
MANUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ PÉREZ.- DNI 33306311B

**UGT [32,31%]**

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ.- DNI 11922182V  
FELIPE LÓPEZ CALVO.- DNI 32684425E  
ELADIO QUELLE BARRO.- DNI 33830976T  
LUÍS MARTÍN CARDOSO Balsa.-DNI 76405317F  
JOSÉ LUÍS PRADO FERNÁNDEZ.-DNI 33860027W

**CIG [20,00%]**

GERARDO VILLAR DORADO.-DNI 33314237W  
SUSANA RIVEIRA FERNÁNDEZ.-DNI 33849718C  
JOSÉ MANUEL PEÑA ABEIJÓN.-DNI 11407267A

En Lugo, sendo as 11.00 horas do día 23 de xaneiro de 2020, reúnense nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

**ACORDOS:**

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 27 B) do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, para os supostos nos que tivera lugar no exercicio 2020 un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.774 horas, cada traballador/a disfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos, a maiores dos días 24 e 31 de decembro, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 20 de marzo de 2020
- 4 de maio de 2020
- 24 de xullo de 2020
- 14 de agosto de 2020
- 7 de decembro de 2020

Habida conta de que cos días indicados ten lugar un exceso de dúas horas sobre a xornada anual de traballo, os traballadores terán dereito a disfrutar no ano 2020 de dúas horas de libre disposición preavisando á empresa cunha antelación mínima de 4 días laborables.

Segundo.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

Terceiro.- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2020 do Convenio Colectivo Provincial para As Industrias de Siderometalúrxica de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Asinado: Víctor Ferreiro Segade, Secundino Rego Fernández, José Eduardo Fernández Vila, Manuel Montouto Illán, Fernando Fernández Fernández, Ignacio Pérez de Oliveira, Concepción Villar Varela, Luís Montouto Illán, José Luís López Álvarez, Manuel Paz Flores, Alberto Pulpeiro Lombardero, Julio Trigo Sanjurjo, Miguel Díaz Eiroa, Diego Ind. Fernández Arias, Manuel Ángel Fernández Pérez, Carlos García Vázquez, Felipe López Calvo, Eladio Quelle Barro, Luís Martín Cardoso Balsa, José Luís Prado Fernández, Gerardo Villar Dorado, Susana Riveira Fernández e José Manuel Peña Abeijón.

### Anuncio

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo sobre disfrute de días inhábiles para o ano 2020, de conformidade co previsto no artigo 15 B) do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo (Código 27000185011982), asinado o día 23 de xaneiro de 2020, pola representación empresarial e das centrais sindicais U.G.T. (60,00%), CC.OO. (36,67%) e C.I.G. (3,3%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 14 de febreiro de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

#### ACTA DE SINATURA

#### CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DO COMERCIO DO METAL DE LUGO

##### ASISTENTES

##### Pola Parte Empresarial:

##### ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAS METALÚRXCOS DE LUGO:

VÍCTOR FERREIRO SEGADE.- DNI 33842233X

SECUNDINO REGO FERNÁNDEZ.- DNI 76558605T

##### ASOCIACIÓN DE INSTALADORES ELECTRICISTAS E DE TELECOMUNICACIONES DE LUGO

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA.- DNI 76615013V

MANUEL MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33858993A

##### ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS CALEFACTORES E FONTANEROS DA PROVINCIA DE LUGO

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.- DNI 76573003T

##### ASOCIACIÓN DE TALLERES DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE LUGO:

IGNACIO PÉREZ DE OLIVEIRA.-DNI 33323222V

CONCEPCIÓN VILLAR VARELA.- DNI 33848925D

LUÍS MONTOUTO ILLÁN.- DNI 33848810D

##### Polas Centrais Sindicais:

##### UGT [60,00%]

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ.- DNI 11922182V

ELADIO QUELLE BARRO.- DNI 33830976T

LUÍS MARTÍN CARDOSO BALSA.-DNI 76405317F

SONIA FERREIRO GONZÁLEZ.- DNI 33336198K

##### CC.OO. [36,67%]

HÉCTOR CARLOS ORTEGA SÁNCHEZ. DNI 33345561T

##### CIG [3,33%]

CARME ANTAS PÉREZ.- DNI 33841565D

En Lugo, sendo as 11.00 horas do día 23 de xaneiro de 2020, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

##### ACORDOS:

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 15 B) do Convenio Colectivo Provincial do Comercio Metal de Lugo, para os supostos nos que tivera lugar no exercicio 2020 un exceso sobre a xornada anual de traballo de

1.774 horas, cada traballador/a disfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos, a maiores dos días 24 e 31 de decembro, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 20 de marzo de 2020
- 4 de maio de 2020
- 24 de xullo de 2020
- 14 de agosto de 2020
- 7 de decembro de 2020

Habida conta de que cos días indicados ten lugar un exceso de dúas horas sobre a xornada anual de traballo, os traballadores terán dereito a disfrutar no ano 2020 de dúas horas de libre disposición preavisando á empresa cunha antelación mínima de 4 días laborables.

Segundo.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

Terceiro.- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2020 do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo, autorízase a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Asinado: Víctor Ferreiro Segade, Secundino Rego Fernández, José Eduardo Fernández Vila, Manuel Montouto Illán, Fernando Fernández Fernández, Ignacio Pérez de Oliveira, Concepción Villar Varela, Luís Montouto Illán, Carlos García Vázquez, Eladio Quelle Barro, Luís Martín Cardoso Balsa, Sonia Ferreiro González, Héctor Carlos Ortega Sánchez e Carme Antas Pérez.

R. 0492

---

### Anuncio

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo de revisión salarial para o ano 2020 do Convenio Colectivo da empresa PESCADOS RUBEN, S.L. (Código 27001022012007), asinado o día 07 de febreiro de 2020, pola representación da empresa e polos representantes dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de febreiro de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

#### ASISTENTES

#### ACTA DE ACUERDO

#### **CONVENIO COLECTIVO PESCADOS RUBÉN, S.L.**

Por la representación de la empresa PESCADOS RUBÉN, S.L.

D<sup>a</sup>. CONCEPCIÓN BLANCO FANEGO

D. MARCOS VÁZQUEZ DÍAZ

Por la representación de los trabajadores de la empresa PESCADOS RUBÉN, S.L.

D<sup>a</sup>. RAMÓN MANUEL CORDIDO SANTOS

D. ANTONIO ROUCO MARTÍNEZ

D. LUIS MARIANO SORIA NÉCEGA

D. JOSÉ MASEDA REGES

En FOZ, siendo las 13:00 horas del día 07/02/2020, se reúnen en C/ Fondo Nois, 1, Foz (Lugo) las personas al margen relacionadas, miembros todas ellas de la Comisión Negociadora del Convenio Colectivo de la empresa PESCADOS RUBÉN, S.L. conforme el Acta de Constitución de dicha Comisión de fecha 3 de noviembre de 2016.

Se adoptan los siguientes

**ACUERDOS:**

**PRIMERO.-** Las partes firmantes del Convenio Colectivo de la Empresa PESCADOS RUBÉN, S.L., sabiendo que el IPC de 2019 recientemente publicado es 0,8 %, acordamos tener un incremento del 1,3 % en el año 2020 puesto que el incremento salarial para el año 2020 previsto en el artículo 27 del Convenio en vigor, sería el resultado de aplicar el IPC Real del año anterior, más un 0,5 %, por lo que al ser 0,8 % el IPC se aplica este incremento.

**SEGUNDO.-** Se acuerda en consecuencia aprobar la tabla salarial del Convenio Colectivo de la Empresa PESCADOS RUBÉN, S.L. del año 2020 (vigencia desde el 01/01/2020 al 31/12/2020) conforme lo pactado en el Convenio Colectivo en vigor.

**TERCERO.-** Se acuerda finalmente remitir la presente Acta, así como la tabla salarial aprobada, a la autoridad laboral competente, autorizándose a tales efectos a D<sup>a</sup>. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. Núm. 33.321.188F, responsable de negociación colectiva de la Confederación de Empresarios de Lugo, a realizar cuantas gestiones resulten necesarias.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se levanta la sesión a la que corresponde la presente Acta, firmando la misma los asistentes en prueba de conformidad, en lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

Firmado: Concepción Blanco Fanego DNI: 77592885Q, Marcos Vázquez Díaz DNI: 33999977C, Ramón Manuel Cordido Santos DNI: 77597311A, Antonio Rouco Martínez DNI: 33992560D, Luis Mariano Soria Nécega DNI: 51910834H y José Maseda Reges DNI: 33840487N.

**ANEXO 1.**

TÁBOA SALARIAL 2020: CONVENIO DE PESCADOS RUBEN,SL.

VIXENCIA 01/01/2020 Ó 31/12/2020

Categoría profesional	Soldo mensual	Plus Transp.	Retribución Anual
<b>GRUPO 1</b>			
Adxunto xerencia	1.120,52	3,86	17.826,84
Titulado/a Superior	1.075,96	3,86	17.158,44
Titulado/a Medio	1.007,95	3,86	16.138,29
Técnico/a non titulado/a	1.062,15	3,86	16.951,29
<b>GRUPO2</b>			
Xefe/a de Sección Administrativa	982,67	3,86	15.759,09
Técnico/a Administrativo/a	939,70	3,86	15.114,54
Auxiliar	899,24	3,86	14.507,64
Telefonista...	819	3,86	13.304,04
<b>GRUPO 3</b>			
Xefe/a de Sección	982,67	3,86	15.759,09
Oficial de 1ª	938,24	3,86	15.092,64
Oficial de 2ª	899,24	3,86	14.507,64
Especialista	899,24	3,86	14.507,64
Peón manipulador	862,36	3,86	13.954,44
Axudante ou auxiliar	819	3,86	13.304,04

R. 0493

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF).

O Alcalde do Concello de Alfoz, mediante Decreto da Alcaldía nº XX de data 26 de febreiro de 2020 resolveu:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación definitiva ao Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) elaborado e asinado por don Pablo Arbones Maciñeira (Enxeñeiro de Montes nº 2171) e por dona Carmen Paz López (Enxeñeira técnica Forestal nº Colexiada 1265) logo do informe favorable da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación de anuncio da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, así como da posta a disposición na sede electrónica do concello de Alfoz do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF).

Alfoz, 26 de febreiro de 2020.- Alcalde do Concello de Alfoz, Jorge Val Díaz.

R. 0494

## BÓVEDA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA**

Por Acordo do Pleno de data 30/12/2019, aprobouse inicialmente a Modificación da Ordenanza Fiscal do Prezo Público do Punto de Atención á Infancia do concello de Bóveda, elevada a definitiva ao non presentarse reclamacións ou suxestións no prazo de exposición pública, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

«Considerando que por Providencia de Alcaldía de data 11 de outubro de 2019, solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para a Modificación da Ordenanza Fiscal do Prezo Público do Punto de Atención á Infancia do concello de Bóveda, co fin de adecuala ao DECRETO 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e ó actual réxime de prezo público establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, según Resolución de 10 de maio de 2017

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión celebrada o día 23/12/2019, por catro votos a favor a as abstencións de Dña. María del Carmen Macía Rodríguez e D. Roberto Carlos Piñeiro Saco, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación, por unanimidade

#### **ACORDA**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Modificación da Ordenanza Fiscal do Prezo Público do Punto de Atención á Infancia do concello de Bóveda, *coa redacción que a continuación se recolle:*

#### **<<MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BÓVEDA**

##### **Modificación do Artigo 3.-Tarifas**

Dáselle nova redacción a este artigo, que queda redactado como a seguir se cita:

##### **1.- Tarifas.**

As tarifas elaboraranse partindo do cálculo do custe real de funcionamento do P.A.I., que se calcularán anualmente polo Servizo de Intervención cos datos obrantes na contabilidade municipal. A partires do custe real, o secretario-interventor, tendo en conta a achega pública, propoñerá as tarifas a satisfacer polos usuarios.

O prezo público será aprobado polo Pleno da corporación municipal, seguindo o procedemento legalmente establecido no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Reguladora das Facendas Locais.

Os prezos públicos e a contía e abonos das axudas recollidas no artigo 15 desta Ordenanza publicaranse actualizados na Sede electrónica do concello de Bóveda.

**Modificación do artigo 8**

## Parágrafo 3º

Substituír “A Xunta de Goberno poderá conceder,” por “A Alcaldía poderá conceder,”

Quedando redactado dito artigo 8º do seguinte xeito:

## Artigo 8.- Obxecto

Este capítulo ten por obxecto establecer e regular o procedemento de concesión de axudas destinadas a sufragar os gastos daqueles menores, que acudan ó Punto de Atención á Infancia.

O obxectivo xeral da concesión de bolsas é favorecer a conciliación da vida laboral e familiar mediante convocatoria pública de axudas para o pago de gastos ocasionados pola asistencia continuada ó Punto de Atención a Infancia do Concello de Bóveda, para nenos/as de 3 meses a 3 anos.

A Alcaldía poderá conceder, dentro das consignacións orzamentarias, un máximo de vinte bolsas completas, incluíndo a concesión de medias bolsas, equivalentes ó 50 por cento dá cota.

**Modificación do artigo 11,**

## Parágrafo primeiro.

suprimindo “... na páxina web do mesmo [www.concellodeboveda.com](http://www.concellodeboveda.com) “ e engadindo na Sede Electrónica do concello de Bóveda,

Quedando redactado dito artigo 11 do seguinte xeito:

## Artigo 11 .- Sistema e solicitude e documentación

A solicitude formalizarase en modelo oficial. As devanditas instancias estarán a disposición dos interesados no Servizo de Información do Concello de Bóveda, e na Sede electrónica do concello de Bóveda.

Coa solicitude, os peticionarios deberán achegar fotocopia cotexada co orixinal da seguinte documentación:

## 1.- Documentación de ingresos.

Os solicitantes deberán documentar os ingresos totais da unidade familiar do ano esixido na convocatoria , para o que se achegará a seguinte documentación:

- a) Certificado da Axencia Tributaria relativo á Declaración da Renda, de cada membro da unidade familiar maior de 16 anos.
- b) No caso de non presentar declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas por non estar obrigado a iso, Certificado da Axencia Tributaria de tal extremo.
- c) Outra documentación que acredite os ingresos económicos

## 2.-Situación familiar.

a) Fotocopia compulsada do Libro de Familia con todos os seus compoñentes ou, na súa falta, documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, e certificado de convivencia.

No caso de acollida de menores, fotocopia compulsada da Resolución do órgano competente en materia de acollementos.

b) No caso de separación ou divorcio achegarase a sentenza xudicial acompañada do correspondente Convenio Regulador. No caso de que aínda non exista sentenza por estar en trámite o procedemento, achegarase un certificado acreditativo da demanda de separación/divorcio selada polo Xulgado.

**Modificación do artigo 12**

## 1º parágrafo

Suprímese: “...artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.”

Engádese: “... Artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

## 2º parágrafo:

Suprímese: “...no Boletín Oficial da Provincia de Lugo..”

Engádese: “...e das bases polas que se rexerá na páxina web municipal ([www.boveda.gob.es](http://www.boveda.gob.es)) e na Sede electrónica do concello de Bóveda, sen prexuízo da publicación/difusión nos medios de comunicación locais.

Suprímese: “...A convocatoria e as bases polas que se rexerá faranse públicas tamén a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo, sen prexuízo da publicación/difusión nos medios de comunicación locais , “

Quedando redactado dito artigo 12 do seguinte xeito:

Artigo 12.- Prazos e lugares de presentación das solicitudes.

As solicitudes debidamente cumprimentadas, xunto coa documentación especificada nestas Bases, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bóveda, ou por calquera dos medios sinalados no Artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte da publicación da convocatoria e das bases polas que se rexerá na páxina web municipal ([www.boveda.gob.es](http://www.boveda.gob.es)) e na Sede electrónica do concello de Bóveda, sen prexuízo da publicación/difusión nos medios de comunicación locais.

### **Modificación do artigo 13**

Modifícase: “..., *será os Servizos Sociais do Concello de Bóveda, baixo a dirección do/a Delegado/a de Servizos Sociais.*”

por “... *será a traballadora social do Concello de Bóveda*”

Quedando redactado dito artigo 13 do seguinte xeito:

Artigo 13.- Órgano instrutor.

O órgano instrutor para a proposta de concesión destas axudas será a traballadora social do Concello de Bóveda.

### **Modificación do artigo 14:**

1º parágrafo

Suprímese: “..... *emitida pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, .....aprobarase pola Xunta de goberno Local “..... no Taboleiro de Editos do concello de Bóveda e na páxina web do mesmo*”

Engádese: “..... *traballadora social*” ..... “ *aprobarase pola Alcaldía. A adxudicación definitiva publicarase*” ..... “*..e na Sede electrónica do concello de Bóveda.*” ...”*respectando a lexislación sobre protección de datos impostas pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como ás obrigas que impoñan futura normativa de protección de datos.*”

2º parágrafo

Modifícase: “.... *2 meses..*” por “*..un mes*”

3º Parágrafo

Suprímese: “..... *na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou no seu caso, directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*”

Engádese: “*...no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*”

Quedando redactado dito artigo 14 do seguinte xeito:

Artigo 14.- Procedemento na concesión das axudas.

proposta de adxudicación definitiva, emitida pola traballadora social , que conterà a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual, aprobarase pola Alcaldía. A adxudicación definitiva publicarase no Taboleiro de Editos e na Sede electrónica do concello de Bóveda. Na mesma detallaranse os beneficiarios e contías das axudas, así como as solicitudes denegadas e a súa causa, respectando a lexislación sobre protección de datos impostas pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como ás obrigas que impoñan futura normativa de protección de datos.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo de adxudicación será de un mes a partir da publicación da convocatoria anual. Transcorrido devandito prazo, sen que o acordo fora notificado, o interesado/a deberá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución que finalice o procedemento poderá interporse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, nos termos e condicións reguladas no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



**Modificación do artigo 15:****Modificación do Importe das Bolsas:**

TARIFAS	Contías en función do IPREM	determinación da Bolsa % sobre Tarifa	Importe da Bolsa en euros/mes
C1	Inferior ó 30% do IPREM	Exentos tarifa	
C2	Entre o 30% e inferior ó 50% IPREM	Exentos tarifa	
C3	Entre o 50% e inferior ó 75% IPREM	40%	32,64
C4	Entre o 75% e inferior ó 100% IPREM	35%	35,70
C5	Entre o 100% e inferior ó 125% IPREM	33%	47,12
C6	Entre o 125% e inferior ó 150% IPREM	30%	48,96
C7	Entre o 150% e inferior ó 200% IPREM	20%	36,72
C8	Entre o 200% e inferior ó 250% IPREM	17%	34,68
C9	Entre o 250% e inferior ó 300% IPREM	15%	36,72
C10	Entre o 300% e inferior ó 350% IPREM	12%	36,72
C11	Entre o 350% e inferior ó 400% IPREM	10%	34,68
C12	Entre o 400% e inferior ó 450% IPREM	5%	19,58
C13	Superior ó 450%	0%	0,00

**Suprimir o último parágrafo que di:**

*"Só en casos moi excepcionais e cos informes favorables necesarios dos Servizos Sociais do Concello e/ou doutras institucións públicas, podarase conceder ata o 100 % do referido custo. A tal fin os Servizos Sociais poderán solicitar ao interesado os datos non obrantes nas oficinas municipais, que sexan precisos para fundamentar o informe."*

**Modificación do Anexo I.- CUSTES E TARIFAS DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BÓVEDA****Modificación do cadro de tarifas**

	PREZO PÚBLICO DO P.A.I			Atención educativa
Tarifas	Contías en función do IPREM	Mínimo €	Máximo €	Tarifas €/mes
C1	Inferior ó 30% do IPREM	0	161,35	0
C2	Entre o 30% e inferior ó 50% IPREM	161,35	268,92	0
C3	Entre o 50% e inferior ó 75% IPREM	268,92	403,38	81,60
C4	Entre o 75% e inferior ó 100% IPREM	403,38	537,84	102,00
C5	Entre o 100% e inferior ó 125% IPREM	537,84	672,30	142,80
C6	Entre o 125% e inferior ó 150% IPREM	672,30	806,76	163,20
C7	Entre o 150% e inferior ó 200% IPREM	806,76	1.075,68	183,60
C8	Entre o 200% e inferior ó 250% IPREM	1075,60	1344,60	204,00

C9	Entre o 250% e inferior ó 300% IPREM	1344,60	1613,52	244,80
C10	Entre o 300% e inferior ó 350% IPREM	1613,52	1882,44	306,00
C11	Entre o 350% e inferior ó 400% IPREM	1882,44	2151,36	346,80
C12	Entre o 400% e inferior ó 450% IPREM	2151,36	2420,28	391,68
C13	Superior ó 450%	2420,28		408,00
<b>Media Xornada</b>				
C1-mx	Inferior ó 30% do IPREM	0	161,35	0
C2-mx	Entre o 30% e inferior ó 50% IPREM	161,35	268,92	0
C3-mx	Entre o 50% e inferior ó 75% IPREM	268,92	403,38	40,80
C4-mx	Entre o 75% e inferior ó 100% IPREM	403,38	537,84	51,00
C5-mx	Entre o 100% e inferior ó 125% IPREM	537,84	672,30	71,40
C6-mx	Entre o 125% e inferior ó 150% IPREM	672,30	806,76	81,60
C7-mx	Entre o 150% e inferior ó 200% IPREM	806,76	1.075,68	91,80
C8-mx	Entre o 200% e inferior ó 250% IPREM	1075,60	1344,60	102,00
C9-mx	Entre o 250% e inferior ó 300% IPREM	1344,60	1613,52	122,40
C10-mx	Entre o 300% e inferior ó 350% IPREM	1613,52	1882,44	153,00
C11-mx	Entre o 350% e inferior ó 400% IPREM	1882,44	2151,36	173,40
C12-mx	Entre o 400% e inferior ó 450% IPREM	2151,36	2420,28	195,84
C13-mx	Superior ó 450%	2420,28		204,00

C.13	Exceso sobre hora contratada	13€/hora
C.14	Exceso sobre o horario de peche do centro	3,5€ cada dez minutos

A.1	Almorzo	14,50 €/mes
A.2	Almorzo extraordinario	2,00 €/dia

Engádese un derradeiro parágrafo:

#### Exencións de pago.

- As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total da cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma escola infantil.
- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota

**Modificación no Anexo II MODELO DE SOLICITUDE DE BOLSA PARA O P.A.I. do apartado "PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:**

Que queda redactado como a seguir se transcribe:

**"PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:** informámolo/a de que os datos persoais contidos nesta solicitude se integrarán nun ficheiro automático cuxo tratamento se realizará conforme a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como ás obrigas que impoñan futura normativa de protección de datos, e somentes empregaranse aos efectos de tramitar a concesión da bolsa.

**Responsable do tratamento:** Concello de Bóveda.

Identidade: Concello de Bóveda - CIF: P-2700800-B

Dir. postal: Avda. Alfonso XIII, s/n, CP 27340, Bóveda (Lugo)

Teléfono: 982 42 60 06

Enderezo elect: [atencionciudadano@boveda.gob.es](mailto:atencionciudadano@boveda.gob.es)

**Finalidade:** Os datos facilitados a través do presente impreso, así como, os que facilite durante a xestión da actividade no Punto de Atención á Infancia do concello de Bóveda (P.A.I.), serán tratados polo Concello de Bóveda, coa finalidade de levar a cabo a tramitación e xestión da inscrición no Punto de Atención á Infancia, así como o estudo e avaliación da situación dos interesados co obxecto de determinar da concesión da axuda.

**Base lexitimadora:** Tratamento necesario para o exercicio de poderes públicos (art.6 e. RGPD). Conservación: durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade indicada, independentemente dos prazos establecidos legalmente.

**Comunicación de datos:** Non se prevé, agás no caso de existir algún tipo de obriga legal que vincule ao **Concello de Bóveda**, caso no que se procederá a realizalas cesións legais dos seus datos, ás que legalmente se encontre obrigado pola lexislación de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais precitada.

**Dereitos dos interesados:** Acceso, rectificación ou supresión, así como outros dereitos recoñecidos na normativa a través do trámite de Protección de datos recolleito na sede electrónica do sitio web do Concello ou ben presencialmente nas instalacións a través do rexistro de entrada. Información adicional: consulte a política de privacidade en:

<https://concellodeboveda.sedelectronica.es/privacy.1>.

**Datos de terceiros:** no caso de que a través de rexistro facilítense datos persoais diferentes da persoa que tramita o rexistro, deberase de dispor do consentimento previo do titular dos mesmos.

**Delegado de Protección de Datos:** NORQUALITY CONSULTORES

**Enderezo elect. Delegada de Protección de Datos:** [protecciondedatos@norquality.es](mailto:protecciondedatos@norquality.es)

**¿Por canto tempo conservará o concello os seus datos?**

Os datos persoais que se cheguen a recoller durante a correcta xestión, desenrolo da actividade serán conservados durante o prazo legalmente establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)

Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non se respetou por parte do Concello, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

(<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphP.php>) "

**TEXTO CONSOLIDADO DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BÓVEDA****CAPÍTULO I****DAS TARIFAS****Artigo 1.-Concepto.**

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Bóveda establece o prezo público pola prestación do Servizo de Atención á Infancia.

**Artigo 2.- Obrigados ó pago.**

Están obrigados ó pagamento das cantidades que se establecen como prezo na presente regulación os pais/nais dos nenos/as en situación de alta no P.A.I. e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria postestade.

**Artigo 3.- Tarifas****1.- Tarifas.**

As tarifas elaboraranse partindo do cálculo do custe real de funcionamento do P.A.I., que se calcularán anualmente polo Servizo de Intervención cos datos obrantes na contabilidade municipal. A partires do custe real, o secretario-interventor, tendo en conta a achega pública, propoñerá as tarifas a satisfacer polos usuarios.

O prezo público será aprobado polo Pleno da corporación municipal, seguindo o procedemento legalmente establecido no artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 demarzo, Reguladora das Facendas Locais.

O prezos públicos e a contía e abonos das axudas recollidas no artigo 15 desta Ordenanza publicaranse actualizados na Sede electrónica do concello de Bóveda.

**Artigo 4.- Pagamento**

a). O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 da presente regulación, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente ó dito mes ingresarse nos dez días seguintes á data de ingreso. Ademais, no caso de que o ingreso se produza con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50%.

b). No caso de utilización doutros servizos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

c). Salvo o disposto no artigo 5 da presente regulación, a falta de asistencia da nena/o non supón a redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

d). O pago realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo ó formalizar a matrícula.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternativas orixinará a perda do dereito á praza.

**Artigo 5.- Suspensión da cota**

Os suxeitos obrigados ós que fai referencia o artigo 2º non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

a). O mes de vacacións anual da nena/o.

b). Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

c). Cando, por causa debidamente xustificada, a nena/o deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia do centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da nena/o a centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Concello que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

No caso de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, naqueles supostos nos que se acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

**Artigo 6.- Normas de xestión.**

1.- Causarase baixa no centro por algunha das circunstancias seguintes:

a) Por cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.

b) A instancia dos pais/nais ou representantes legais.

c) Por non paga-la cota establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o ano ó que se refire a débeda.

**Artigo 7.- Obriga de pago.**

A obriga de pago do prezo público regulado na presente Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.

## CAPÍTULO II

### BOLSAS ÓS/ÁS USUARIOS/AS DO PAI

#### Artigo 8.- Obxecto

Este capítulo ten por obxecto establecer e regular o procedemento de concesión de axudas destinadas a sufragar os gastos daqueles menores, que acudan ó Punto de Atención á Infancia.

O obxectivo xeral da concesión de bolsas é favorecer a conciliación da vida laboral e familiar mediante convocatoria pública de axudas para o pago de gastos ocasionados pola asistencia continuada ó Punto de Atención a Infancia do Concello de Bóveda, para nenos/as de 3 meses a 3 anos.

A Xunta de Goberno poderá conceder, dentro das consignacións orzamentarias, un máximo de vinte bolsas completas, incluíndo a concesión de medias bolsas, equivalentes ó 50 por cento da cota.

#### Artigo 9.- Requisitos dos beneficiarios/as

Serán requisitos indispensables para poder recibir estas axudas:

- Que toda a unidade familiar esté empadroadada no Municipio de Bóveda durante todo o curso escolar de referencia.
- Obter praza no Punto de Atención á Infancia, e cumprir os requisitos imprescindibles da devandita convocatoria.
- Que o solicitante se atope ó corrente do pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Así como non ser debedor da Facenda Municipal.
- Non estar inhabilitados polo Concello nin por calquera outra Administración Pública para acceder a novas convocatorias de subvencións.
- Non estar en trámite de resolución de ningún expediente de inhabilitación para acceder a estas axudas.

#### Artigo 10.- Criterios de outorgamento da bolsa

Os criterios de outorgamento das bolsas serán os seguintes:

- 1.- Renda per cápita anual.
- 2.- Situación familiar:
  - Un ou máis irmáns no PAI.
  - Estar en posesión do Título de Familia Numerosa en vigor.
  - Que algún membro da unidade familiar posúa a cualificación de minusválido ou situación asimilada, recollida polo Real Decreto 1414/2006, do 1 de decembro.

A renda per cápita da unidade familiar será o resultado de dividir os ingresos dos membros que conformen a unidade familiar polo número total destes. Para elo teranse en conta as rendas reflectidas nos Certificados expedidos pola Axencia Tributaria do exercicio correspondente.

Entenderase por unidade familiar do menor: "o pai, a nai, ou titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, no seu caso, os irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar, ós maiores de idade cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, que dependan economicamente deles. No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que na data referida non convivira co solicitante, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica. Terá, non en tanto, a consideración do membro computable no seu caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, cuxa renda se incluírá dentro do cómputo da renda familiar".

#### Artigo 11.- Sistema e solicitude e documentación

A solicitude formalizarase en modelo oficial. As devanditas instancias estarán a disposición dos interesados no Servizo de Información do Concello de Bóveda, e na Sede electrónica do concello de Bóveda.

Coa solicitude, os peticionarios deberán achegar fotocopia cotexada co orixinal da seguinte documentación:

- 1.- Documentación de ingresos.

Os solicitantes deberán documentar os ingresos totais da unidade familiar do ano esixido na convocatoria, para o que se achegará a seguinte documentación:

- a) Certificado da Axencia Tributaria relativo á Declaración da Renda, de cada membro da unidade familiar maior de 16 anos.
- b) No caso de non presentar declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas por non estar obrigado a iso, Certificado da Axencia Tributaria de tal extremo.
- c) Outra documentación que acredite os ingresos económicos

## 2.-Situación familiar.

a) Fotocopia compulsada do Libro de Familia con todos os seus compoñentes ou, na súa falta, documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, e certificado de convivencia.

No caso de acollida de menores, fotocopia compulsada da Resolución do órgano competente en materia de acollementos.

b) No caso de separación ou divorcio achegarase a sentenza xudicial acompañada do correspondente Convenio Regulador. No caso de que aínda non exista sentenza por estar en trámite o procedemento, achegarase un certificado acreditativo da demanda de separación/divorcio selada polo Xulgado.

### Artigo 12.- Prazos e lugares de presentación das solicitudes.

As solicitudes debidamente cumprimentadas, xunto coa documentación especificada nestas Bases, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bóveda, ou por calquera dos medios sinalados no Artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte da publicación da convocatoria e das bases polas que se rexerá na páxina web municipal ([www.boveda.gob.es](http://www.boveda.gob.es)) e na Sede electrónica do concello de Bóveda, sen prexuízo da publicación/difusión nos medios de comunicación locais.

### Artigo 13.- Órgano instrutor.

O órgano instrutor para a proposta de concesión destas axudas será a traballadora social do Concello de Bóveda.

### Artigo 14.- Procedemento na concesión das axudas.

A proposta de adxudicación definitiva, emitida pola traballadora social, que conterá a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual, aprobarase pola Alcaldía.

A adxudicación definitiva publicarase no Taboleiro de Editos e na Sede electrónica do concello de Bóveda. Na mesma detallaranse os beneficiarios e contías das axudas, así como as solicitudes denegadas e a súa causa, respectando a lexislación sobre protección de datos impostas pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como ás obrigas que impoñan futura normativa de protección de datos.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo de adxudicación será de un mes a partir da publicación da convocatoria anual. Transcorrido devandito prazo, sen que o acordo fora notificado, o interesado/a deberá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución que finalice o procedemento poderá interporse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, nos termos e condicións reguladas no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Artigo 15.- Contía e abono das axudas.

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

7.1. A data, lugar e hora do comezo das probas, será a que figure no anuncio que se publicará na paxina web e no taboleiro de edictos do Concello xunto coa relación de aspirantes admitidos e excluídos.

7.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou documento que o substitúa. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar no concurso-oposición, quedando excluído do proceso selectivo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

7.3. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído do mesmo, logo da audiencia do interesado. O tribunal, cando exclúa un aspirante, comunicarllo o mesmo día á autoridade que convoca o proceso selectivo.

7.4. As cualificacións dos aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas na páxina web e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

7.5 Entre o final dunha proba ou exercicio e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 6.3 i) do Decreto 95 /1991, de 20 de marzo.

#### **8. Superación do proceso selectivo.**

O Tribunal fará pública a puntuación total obtida polos aspirantes que superasen tódalas probas, se ben o citado Tribunal non poderá formular proposta para a formalización do contrato máis que a favor do aspirante con maior puntuación. Resoltas as posibles alegacións e subsanacións, se as houbera, o tribunal elevará o nome do aprobado, xunto coa acta da última sesión, ao Alcalde-Presidente para que este proceda á formalización do contrato. Esta proposta terá carácter vinculante.

## 9. Presentación da documentación.

O seleccionado para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo de vinte días naturais a partir da publicación da lista no taboleiro de anuncios no Concello, os seguintes documentos para proceder a formalización do contrato:

- a) Copia compulsada do DNI
- b) Copia compulsada ou certificación académica oficial acreditativa da titulación esixida.
- c) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ó posto que se optou.
- d) Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme

Se o seleccionado para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificada, non poderá ser contratado para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude.

Unha vez comprobado que o aspirante proposto presentou a documentación esixida, será nomeado polo Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ó previsto na vixente lexislación. Tomará posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento. Para adquirir a condición de persoal laboral fixo, o aspirante seleccionado, deberá superar satisfactoriamente un período de proba dun mes. No caso de non superalo, a administración daralle traslado por escrito motivado; a rescisión durante este período non dará lugar a indemnización. Quen resulte nomeado para ocupar o posto quedará sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

## 10. Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que puidesen presentarse ou tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso-oposición, en todo o non previsto nestas bases.

## ANEXO I.-TEMARIO

### PARTE XERAL

**Tema 1.-** A Constitución española de 1978: estrutura e contido. A reforma constitucional. A Coroa. Sucesión, O Rei: as súas funcións

**Tema 2.-** Dereitos fundamentais e liberdades públicas

**Tema 3.-** As Cortes Xerais. As funcións das Cortes. O funcionamento das Cortes.

**Tema 4.-** O Goberno e a Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais

**Tema 5.-** O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional

**Tema 6.-** A Comunidade Autónoma Galega. O Estatuto de autonomía. O Parlamento de Galicia

**Tema 7.-** Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica

**Tema 8.-** O réxime local español. Principios constitucionais. As entidades locais: a provincia e outras entidades locais.

**Tema 9.-** O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

**Tema 10.-** O municipio de Taboada. Organización municipal específica: Pleno, Alcalde, tenentes de Alcalde e concelleiros delegados. Órganos complementarios. Poboación e termo municipal

### PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.- Funciones da limpadora nos edificios municipais.

Tema 2.- A organización e control do servizo de limpeza. Equipos de traballo.

Tema 3.- A Limpeza de Edificios Administrativos. A limpeza de áreas administrativas.

Tema 4.- A Limpeza de aseos públicos.

Tema 5.- A Limpeza de almacéns e de exteriores

Tema 6.- A limpeza de centros de saúde de atención primaria.

Tema 7.- A limpeza en ximnasia e centros deportivos, .

Tema 8.- A limpeza en centros escolares.

Tema 9.- A limpeza en bibliotecas e centros de lectura.

Tema 10.- Calidade na limpeza. Sistemas de limpeza.

Tema 11.- Ferramentas e útiles básicos de limpeza. Formas de limpeza segundo o tipo de material a limpar.

Tema 12.- Produtos químicos na limpeza

Tema 13.- Aspectos ecolóxicos na limpeza. Eliminación de residuos

Tema 14.- Maquinaria de limpeza

Tema 15.- Prevención de riscos laborais nos traballos de limpeza

#### ANEXO II

Nº	Denominación	Titulación	Adscrición	Réxime e Relación Xurídica
2	LIMPADORAS	Graduado Escolar ou equivalente	Concello de Taboada	Persoal Laboral fixo

A praza referida ten as seguintes funcións: levar a cabo a limpeza de edificios administrativos con carácter xeral supeditada á adscrición a ditos edificios segundo as necesidades que xurdan.

**ANEXO III**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR 2 PRAZAS DE LIMPADORAS DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE TABOADA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.**

**I.- DATOS DA PRAZA:**

DENOMINACIÓN:

DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOE:

**II.- DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓVIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

**EXPOÑO:**

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de \_\_\_\_\_ esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

3º.- Que aporto todos os documentos que se relacionan no apartado 4.2 das presentes bases.

4º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:

Experiencia Profesional:

- i) .....
- j) .....
- k) .....
- l) .....
- m) .....
- n) .....
- o) .....
- p) .....

**SOLICITO:**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

(De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade do Concello de Taboada, ca finalidade de atender a súa solicitude, Vostede consinte o tratamento dos seus datos e do mesmo xeito pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose as nosas oficinas coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI).

Taboada, a ..... de.....de.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO)**

**RÉXIME DE RECURSOS.** Sen prexuízo da súa revisión de oficio, contra a resolución de aprobación das presentes bases así como cantos actos administrativos se deriven da mesma poderanse interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía do Concello de Taboada, a contar dende a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a dita publicación ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 123 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, significándose que, no caso de interpor o recurso administrativo de reposición, non se poderá interpor o contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do mesmo, non podendo simultanearse ambos recursos.

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO. MEDIA XORNADA. PERSOAL LABORAL FIXO. PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.****1.- Obxecto da convocatoria**

É obxecto da convocatoria a provisión mediante o sistema de concurso-oposición libre, de unha praza de monitor de deportes/técnico deportivo, encadrada como persoal laboral fixo dentro do cadro de persoal do Concello de Taboada no expediente de Orzamento 2020, e ao abeiro do proceso de consolidación /estabilización de emprego temporal, aprobado en sesión plenaria o día 28 de novembro de 2019 e a Resolución da Alcaldía de data 2 de decembro de 2019 de aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria do Concello de Taboada para o ano 2020 pola que se aproba o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal e publicada no Boletín da Provincia de nº 280 de 7 de decembro de 2019, conforme a:

a) Consolidación de emprego temporal: Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

**- 1 praza de monitor de deportes/técnico deportivo**

As retribucións da praza convocada serán as previstas no vixente Orzamento Xeral de 2020 do Concello de Taboada.

Trátase de unha praza a media xornada.

Segundo o artigo 77 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público o persoal laboral clasificarase de conformidade coa lexislación laboral.

Número de vacantes: 1

Xornada: 50%

A persoa seleccionada prestará servizos na praza/posto e unidade que se indique no Anexo II das presentes bases, sen prexuízo de que por necesidades motivadas do servizo poida prestalos en postos ou unidades diferentes do Concello de Taboada.

**2.- Sistema de selección: Criterios xerais.**

O Procedemento de selección desta praza é o de concurso-oposición libre conforme ao establecido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para 2017 e da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 e na disposición transitoria cuarta do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), publicado no BOE nº 261 do 31 de outubro de 2015, correspondéndolle a fase de concurso unha porcentaxe do 40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

O proceso selectivo constará das seguintes fases e probas:

**2.1.- Fase de concurso**

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta fase de concurso será de 40 puntos.

**2.1.1.- Baremo de méritos.-**

A) Experiencia laboral (máximo 40 puntos):

A1) Polos servizos efectivos prestados en calquera Administración Pública realizando funcións/tarefas relacionadas coa praza que se convoca (MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO) xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral, interino ou temporal: 0,33 puntos /mes completo de servizos.

A estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables, dividirase entre trinta (30), e multiplicarase por 0,33 de xeito que unicamente se valorará o rático enteira, despreciándose os decimais.

**2.1.2.- Acreditación dos méritos.-**

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A acreditación dos méritos por parte dos interesados. A experiencia profesional acreditarase exclusivamente mediante fotocopia compulsada do contrato laboral de traballo ou certificación da administración correspondente, a fin de poder comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coa da praza, sendo obrigatorio aportar tamén Informe de Vida Laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.



### 2.1.3.- Prazo de valoración e publicidade.-

A lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no Taboleiro de Edictos da Casa do Taboada e na páxina web ([www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)) antes da realización do primeiro exercicio.

### 2.2.- Fase oposición.

Constará de 2 exercicios obrigatorios e eliminatorios, debendo estar o seu contido relacionado cos procedementos, tarefas e funcións habituais do posto de traballo. A puntuación da fase de oposición será de 60 puntos.

#### 2.2.1.- Comezo e desenrolo das probas.-

Con unha antelación mínima de quince días antes do comezo do primeiro exercicio, a Alcaldía anunciará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)) a data, hora e local no que terá lugar.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio, nun chamamento único, agás en casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. A non comparecencia a calquera dos exercicios no momento de ser chamados, comportará que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio de que se trate e nos sucesivos, e en consecuencia, quedará excluído do proceso selectivo.

#### 2.2.2.- Exercicios.

A).- Primeiro exercicio: Consistirá nun cuestionario tipo test de 40 preguntas, con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas a correcta, de forma que:

Criterios de corrección:

- Cada pregunta acertada equivale a 1 puntos.
- Cada pregunta fallada descontará 0,25 puntos.
- Cada pregunta non contestada equivale a 0 puntos.

As mencionadas preguntas serán propostas polo Tribunal de entre o Temario de materias comúns e específicas, o cal se establece no Anexo I destas bases.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora.

O exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para superalo e acceder ao segundo exercicio.

B) Segundo exercicio: Suposto práctico relacionado coas materias obxecto do temario da presente convocatoria, podendo estar conformado por varios exercicios, e de duración máxima de hora e media. Valoraranse os coñecementos nas materias relacionadas coas funcións a desempeñar, capacidade de análise, capacidade de expresión e exposición nas respostas.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

C) Terceiro exercicio: Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Esta proba non terá carácter eliminatorio, os que non a superen serán dous anos para facer o curso Celga 4. De non realizar este curso, non poderán participar en ningún proceso de promoción ou provisión de postos que se convoque.

2.2.3.- Cualificación final: A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas.

#### 2.2.4.- Publicación da relación de aspirantes aprobados:

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, na paxina web do Concello ([www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)) e no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida neste proceso selectivo.

### 3.- Requisitos dos/as aspirantes

3.1. *Requisitos:* Para tomar parte nas probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do establecido no artigo 57 do TRLEBEP
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a titulación de Mestre na especialidade de Educación Física, equivalente ou superior.

As titulacións obtidas no estranxeiro deberán xustificarse coa documentación que acredite a súa homologación pola administración educativa competente na materia.

- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por resolución xudicial para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.
- g) Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á función pública

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

#### 4.- Solicitudes

4.1.- As instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO III desta convocatoria e que será facilitado ós interesados nas oficinas xerais do concello, e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada (directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). O prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Na instancia haberá de manifestarse que se reúnen todos e cada un dos requisitos que se esixen na base terceira, referidos á data en que termine o prazo de presentación de instancias.

4.2.- Á instancia uniranse:

- a) Fotocopia do DNI compulsada ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

Ademais unirase, de ser o caso, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento que acredite estar en posesión do Celga 4 ou fotocopia compulsada do título de perfeccionamento do galego.
- Documentación xustificativa da fase de concurso (segundo base 2.1.2 – Acreditación de méritos).

4.3. Os erros de feito que puideran advertirse poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

4.4 Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro de prazo establecido na base 4.1 para a presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo non se admitiran ningunha petición desta natureza.

#### 5.- Admisión de aspirantes

5.1. *Relación de aspirantes:* Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde, no prazo máximo dun mes, ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, resolución que será publicada no BOP e no taboleiro e na páxina web do Concello, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión. No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva. A resolución pola que se aproba a lista definitiva será publicada no BOP.

5.2. *Serán causas de exclusión as sinaladas:*

- a) Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira.
- b) A omisión da sinatura na solicitude.
- c) A omisión na solicitude da copia do DNI.
- d) Non aportar fotocopia compulsada da titulación esixida.
- e) A presentación da solicitude fora do prazo establecido.

#### 6.- Tribunal cualificador

6.1. O tribunal que xulgará as probas selectivas do concurso-oposición estará constituído por un presidente, un secretario e tres vogais designados pola Alcaldía, de acordo co establecido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, designarase un suplente por cada un dos membros anteriores.

6.2. Os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e poderán ser recusados do xeito previsto no artigo 24 da Lei 40/2015, debendo absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 23 do mesmo texto legal.

6.3. O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. No caso de ausencia do Presidente (e da persoa que o supla), será substituído polo vogal que figure primeiro na relación da composición do tribunal, e no seu defecto polo seguinte, e así sucesivamente. No caso de ausencia do Secretario (e da persoa que o supla) será substituída polo vogal que corresponda segundo unha orde inversa á descrita na liña anterior.

6.4. Asesores técnicos. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno. Limitándose esta asesoría a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas. Os ditos asesores terán voz pero non voto.

6.5. Abstencións e recusacións. Deberán absterse de formar parte dos órganos de selección de persoal:

- Que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á administración pública.

- Quen se atopen incurso en algún dos supostos a que se refire o art. 23.2 da Lei 40/2015. Os aspirantes poderán recusalos na forma que prevé o art. 24 da referida Lei.

6.6. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións para garantir o debido orde nas mesmas.

6.7- O Tribunal estará integrado por:

Presidente: Roberto Ramallal Comendeiro (Licenciado en INEF - funcionario do IES Monte Castelo de Burela)

Vogal 1º: María Jesús Grandío Río (AEDL- personal laboral fixo do Concello de Guntín)

Vogal 2º: Óscar Díaz Queizán (Funcionario de carreira do corpo de Mestres)

Vogal 3º: David Criado Taboada (Secretario-Interventor do Concello de Sober)

Secretaria: Nadia Díaz Vázquez (Secretaria-Interventora do Concello de Taboada).

Suplentes:

Presidente: Ismael Otero López . (Funcionario do Corpo de Mestres, Especialidade Educación física).

Vogal 1º: María Cristina González Santín (Interventora do Concello de Chantada)

Vogal 2º: María Graciela Riveiro Moreira (Secretaria do concello de Miño)

Vogal 3º: Anabel Corral Corral (Xeda do Servizo de intervención do Concello de Ferrol)

Secretario: María Dolores Rodríguez Gómez (Traballadora Social - funcionaria do Concello de Taboada)

## **7.- Desenvolvemento do concurso- oposición.**

O procedemento de selección desta praza é o de concurso-oposición, correspondéndolle a fase de concurso unha porcentaxe de 40% da puntuación máxima total alcanzable no proceso selectivo.

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

7.1. A data, lugar e hora do comezo das probas, será a que figure no anuncio que se publicará na paxina web e no taboleiro de edictos do Concello xunto coa relación de aspirantes admitidos e excluídos.

7.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou documento que o substitúa. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar no concurso-oposición, quedando excluído do proceso selectivo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

7.3. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído do mesmo, logo da audiencia do interesado. O tribunal, cando exclúa un aspirante, comunicarllo o mesmo día á autoridade que convoca o proceso selectivo.

7.4. As cualificacións dos aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas na páxina web e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

7.5 Entre o final dunha proba ou exercicio e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 6.3 i) do Decreto 95 /1991, de 20 de marzo.

### 8. Superación do proceso selectivo.

O Tribunal fará pública a puntuación total obtida polos aspirantes que superasen tódalas probas, se ben o citado Tribunal non poderá formular proposta para a formalización do contrato máis que a favor do aspirante con maior puntuación. Resoltas as posibles alegacións e subsanacións, se as houbera, o tribunal elevará o nome do aprobado, xunto coa acta da última sesión, ao Alcalde-Presidente para que este proceda á formalización do contrato. Esta proposta terá carácter vinculante.

### 9. Presentación da documentación.

O seleccionado para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo de vinte días naturais a partir da publicación da lista no taboleiro de anuncios no Concello, os seguintes documentos para proceder a formalización do contrato:

- a) Copia compulsada do DNI
- b) Copia compulsada ou certificación académica oficial acreditativa da titulación esixida.
- c) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ó posto que se optou.
- d) Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- e) Certificado de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

Se o seleccionado para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificada, non poderá ser contratado para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude.

Unha vez comprobado que o aspirante proposto presentou a documentación esixida, será nomeado polo Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ó previsto na vixente lexislación. Tomará posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento. Para adquirir a condición de persoal laboral fixo, o aspirante seleccionado, deberá superar satisfactoriamente un período de proba dun mes. No caso de non superalo, a administración daralle traslado por escrito motivado; a rescisión durante este período non dará lugar a indemnización. Quen resulte nomeado para ocupar o posto quedará sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

### 10. Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que puidesen presentarse ou tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso-oposición, en todo o non previsto nestas bases.

### ANEXO I.-TEMARIO

#### PARTE XERAL

**Tema 1.-** A Constitución española de 1978: estrutura e contido. A reforma constitucional. A Coroa. Sucesión, O Rei: as súas funcións

**Tema 2.-** Dereitos fundamentais e liberdades públicas

**Tema 3.-** As Cortes Xerais. As funcións das Cortes. O funcionamento das Cortes.

**Tema 4.-** O Goberno e a Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais

**Tema 5.-** O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional

**Tema 6.-** A Comunidade Autónoma Galega. O Estatuto de autonomía. O Parlamento de Galicia

**Tema 7.-** Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica

**Tema 8.-** O réxime local español. Principios constitucionais. As entidades locais: a provincia e outras entidades locais.

**Tema 9.-** O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. Servizos municipais.

**Tema 10.-** O municipio de Taboada. Organización municipal específica: Pleno, Alcalde, tenentes de Alcalde e concelleiros delegados. Órganos complementarios. Poboación e termo municipal

**Tema 11.-** Bens, actividades e servizos das entidades locais. A contratación local. O persoal ao servizo das entidades locais.

**Tema 12.-** A potestade regulamentaria dos entes locais. Regulamento orgánico. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Procedemento de elaboración e aprobación. Límites de potestade regulamentaria.

**Tema 13.-** O Procedemento administrativo. Principios e estrutura.

**Tema 14.-** O procedemento administrativo común: fases

**Tema 15.-** Procedemento administrativo sancionador.

**Tema 16.-** A responsabilidade patrimonial da Administración Pública. Especial referencia á Administración local.

**Tema 17.-** A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos. A xurisdición contencioso-administrativa: o recurso contencioso administrativo

**Tema 18.-** As facendas locais. Recursos das facendas locais. Especial referencia aos recursos do municipio. O orzamento das entidades locais. Contido e aprobación. Control e fiscalización do gasto público.

**Tema 19.-** Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos del Sector Público.

**Tema 20.-** A Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos e o Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos. Principios e dereitos. Obrigas.

**Tema 21.-** A Administración electrónica na Lei de Procedemento administrativo común.

## **PARTE ESPECÍFICA**

Tema 1

Anatomía e fisioloxía humanas implicadas na actividade física. Patoloxías relacionadas co aparato motor.

Tema 2

A saúde e a calidade de vida. Hábitos e estilos de vida saudable en relación coa actividade física. O coidado do corpo.

Tema 4

Capacidade físicas básicas.

Tema 5

Coordinación e equilibrio. Concepto e actividades para o seu desenvolvemento.

Tema 6

Habilidades, destrezas e tarefas motrices. Concepto, análises e clasificación. Actividades para o seu desenvolvemento.

Tema 7

Os deportes. Concepto e clasificacións. O deporte como actividade educativa.

Tema 8

Actividade físico-deportiva no medio natural. Organización de actividades físicas na natureza.

Tema 9

Deportes individuais: aspectos técnicos e tácticos elementais; a súa didáctica. Bádminton, tenis, pimpón, patinaxe, atletismo e aquagym. Natación.

Tema 10

Deportes colectivos: aspectos técnicos e tácticos elementais; a súa didáctica. Fútbol sala, baloncesto e balonmán.

Tema 11

Actividades deportivas: aspectos técnicos e tácticos elementais; a súa didáctica. Step, aerobio, pilates, zumba, step-ono, fitball, tabata, spinning, circuito training, mantemento na terceira idade.

Tema 12

Aspectos preventivos na práctica de actividade física e actuación en accidentes deportivos. Primeiros auxilios.

Tema 13

Estrutura e organización do deporte no ámbito internacional. Carta Olímpica.

Tema 14

O Deporte na Unión europea. Carta Europea do Deporte.

## Tema 15

O marco xurídico do deporte en España: principios xerais e estrutura e organización do deporte no ámbito estatal.

## ANEXO II

Nº	Denominación	Titulación	Adscrición	Réxime e Relación Xurídica
1	MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO.	Mestre na especialidade de Educación Física , equivalente ou superior.	Concello de Taboada	Persoal Laboral fixo

Funcións da praza:

Partindo das directrices da Alcaldía ou da Concellería responsable da área de deportes:

- Dinamizar e educar na mobilidade de actividades físico-deportivas.
- Responsabilizarse da seguridade e integridade física dos usuarios e do bo uso das instalacións deportivas municipais.
- Impartir as clases das diversas especialidades de actividades físico-deportivas aos distintos segmentos da poboación.
- Ordenar e manter en bo uso o material empregado nos diferentes cursos de xinmansia e outras modalidades deportivas.
- Realizar todas aquelas tarefas propias da súa categoría que lle sexan encomendadas e para as que estivera adecuadamente instruído.
- Participación en reunións de seguimento ou plantexamento de iniciativas deportivas.

**ANEXO III**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR 1 PRAZA DE MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE TABOADA, MEDIA XORNADA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.**

**I.- DATOS DA PRAZA:**

DENOMINACIÓN:

DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOE:

**II.- DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓVIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

**EXPOÑO:**

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de \_\_\_\_\_ esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

3º.- Que aporto todos os documentos que se relacionan no apartado 4.2 das presentes bases.

4º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:

Experiencia Profesional:

- q) .....
- r) .....
- s) .....
- t) .....
- u) .....
- v) .....
- w) .....
- x) .....

**SOLICITO:**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

(De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade do Concello de Taboada, ca finalidade de atender a súa solicitude, Vostede consinte o tratamento dos seus datos e do mesmo xeito pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose as nosas oficinas coa súa solicitude e fotocopia do seu DNI).

Taboada, a ..... de.....de.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO)**

RÉXIME DE RECURSOS. Sen prexuízo da súa revisión de oficio, contra a resolución de aprobación das presentes bases así como cantos actos administrativos se deriven da mesma poderanse interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía do Concello de Taboada, a contar dende a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende a dita publicación ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, de conformidade co disposto no artigo 123 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, significándose que, no caso de interpor o recurso administrativo de reposición, non se poderá interpor o contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do mesmo, non podendo simultanearse ambos recursos.>>>>



---

Taboada, 28 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0503

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

Expediente número: **A/27/22384**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Travesas

Nombre del río o corriente: Rego de Travesas

Caudal solicitado: 0,0926 l/seg.

Punto de emplazamiento: Travesas (Freixo)

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Abastecimiento a Travesas

**BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

Arqueta de captación y conducción por tubería hasta 5 depósitos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 13 de febrero de 2020.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 0443

---